



Concello de Ourense  
Alcaldía

**RESPOSTA Ó ESCRITO PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR O 20 DE OCTUBRE DE 2008, CON ENTRADA DE REXISTRO NÚMERO 38970**

En relación ó escrito presentado polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular o 20 de outubro de 2008, solicitando informe de expediente de disciplina urbanística polas obras realizadas no Parque de San Lázaro e na Alameda para “instalación de paneis informativos” teño a ben comunicarlle o seguinte:

1. O día 14 de outubro -seis días antes da presentación do seu escrito- a Inspección Municipal de Obras emitiu un parte de denuncia contra Afiador Producción S.L., con dirección na Rúa Progreso, 127, pola apertura dunha zanja na Alameda do Cruceiro, e outro parte de denuncia contra a mesma empresa por igual actuación no Parque de San Lázaro.
2. Vistos os partes da Inspección Municipal de Obras, o Servicio de Disciplina Urbanística do Concello abriu o expediente 908/08, procedendo a decretar a suspensión das obras e o inicio do expediente de reposición da disciplina urbanística, comunicándollo os interesados, conforme as suas competencias para a adopción das medidas precisas de protección da legalidade urbanística respecto das obras e actividades realizadas sen licencia.

Ourense, a 4 de novembro de 2008

Asdo.: Francisco Rodríguez Fernández  
Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ourense